

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 21 DE XANEIRO DO 2008.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinteún de xaneiro de dous mil oito; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez, e Don Francisco Xabier Carreira Sebio. Ausentándose da mesma Dona Manuela Iglesias Collarte.

Está presente o Secretario do Concello, Don Jacobo Barreiro Pimentel ausentándose a Interventora Dona Carmen Gómez Otero.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 14 de Xaneiro do dous mil oito (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

EXPEDICION DE PERMISO MUNICIPAL DE CONDUCTOR DE AUTOTAXI.-

Visto o escrito de **Don Juan José Alvarez Amaro**, traballador asalariado do Autotaxi, con domicilio na Ventosa, A Cañiza, no que comunica a súa contratación como traballador asalariado do titular da licenza municipal nº4, cuio titular é Don José Pérez Fernández, e solicita a expedición de Permiso Municipal de conductor o seu nome, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Tomar coñecemento da contratación como traballador asalariado a Don Juan José Alvarez Amaro.

2º.- Expedir Permiso Municipal de Conductor a nome de Don Juan José Alvarez Amaro.”

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

OFICIO DEL MINISTERIO DE ECONOMÍA Y HACIENDA.

Por oficio de 9 de xaneiro de 2008 , remitiuse a este Concello copia da acta da reunión da Comisión mixta de vigilancia y control do Convenio de colaboración e xestión catastral entre a Secretaria de Estado da hacienda y presupuestos y este Concello.

XUNTA DE GALICIA , CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL , OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES.

Por medio do escrito de data , 7 de xaneiro de 2008 , remitido pola Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Transportes , ponse en coñecemento deste Concello a proposta de conceder ao Concello de Ribadavia unha subvención para elaborar o Plán Xeral de Ordenación Municipal por importe de cincuenta e seis mil trescentos trinta e sete euros con vinte céntimos (56.337,20 €) . Elevándose dita proposta ao Director Xeral de Urbanismo , e comunicándose a este Concello para o seu coñecemento , dispoñendo o mesmo dun prazo de dez días hábiles para completar o expediente , así como formular as alegacións oportunas.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

Non houbo.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO